

Emocións naturais

Natureza, vida e amor

**REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA**

25 Aniversario

TEMPORADA DE ABONO
2020 → 2021








AUDITORIO DE GALICIA



REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2020 → 2021



Presentamos unha temporada especial da Real Filharmonía de Galicia, na que celebramos o 25 aniversario da RFG cunha extraordinaria proposta de concertos que volverán encher de música o Auditorio de Galicia, o espazo que acolle a orquestra ao longo de todo o ano.

A Real Filharmonía é unha peza fundamental na engranaxe cultural compostelá e xunto con ela fíase o noso relato, configúrase o carácter da cidade que queremos ter, na que nos gusta vivir e que construímos cada día traballando, man a man, institucións, axentes culturais e cidadanía. Entre todos e todas facemos desta unha cidade na que cultura e arte son o noso emblema fundamental, enraizada na tradición, pero con todas as portas abertas á innovación e á contemporaneidade, para goce da súa veciñanza e das persoas que a visitan cada ano.

As sinerxías entre entidades son fundamentais e este programa dá conta das excelentes pontes que tende a RFG. Así, nesta temporada poderemos volver gozar dunha serie de concertos para piano dentro do Ciclo Ángel Brage, que recibe o seu nome do insigne e querido músico compostelán, así como unha nova visita á cidade da Orquestra Sinfónica de Galicia e do último dos concertos para conmemorar o X aniversario do Taller Atlántico Contemporáneo (TAC). A Real Filharmonía participa, un ano máis, dalgúns dos eventos culturais máis relevantes da cidade, como é o caso de Cineuropa e renderá unha homenaxe ao musicólogo José López Calo.

Baixo o título *Emocións naturais* a RFG convídanos a achegar arte e vida nun momento difícil no que a cultura debe ter, máis ca nunca, un rol central na vida das persoas.

A música ten o extraordinario poder de aproximarnos a esas emocións que nos ligan á natureza, á vida e a todo aquilo que máis queremos. Baixo a batuta do director titular Paul Daniel, de Maximino Zumalave, e de directores e directoras convidadas gozaremos das maravillosas obras de compositores como Beethoven, Mozart, Debussy, Dvořák, Gluck ou Rossini, mais tamén de pezas compostas por novas creadoras e creadores galegos. Nesta viséximo quinta temporada da Real Filharmonía de Galicia preséntasenos, en fin, un repertorio emocionante e diverso, dirixido a un público plural.

As 'emocións naturais' que nos trae a RFG reúnen forza e vida, fálannos do poder da natureza, da paixón humana e da enerxía que só a música é quen de transmitir. É un orgullo ser partícipes e espectadores deste excelente programa,

que deleitará a todas aquelas persoas que, nos próximos meses, se acheguen aos seus concertos, en Santiago de Compostela e no resto de Galicia.

Gustaríame facer un agradecemento especial aos abonados e abonadas, aos artistas que nos visitaron nestes anos, ao persoal técnico e a todas as persoas que, desde a xerencia e a presidencia do Consorcio da cidade, fixeron posibles estes 25 anos de vida da nosa querida orquestra. Estendemos un convite para que toda a cidadanía se sume ás celebracións deste cuarto de século da Real Filharmonía de Galicia!

Xosé A. Sánchez Bugallo

Alcalde de Santiago de Compostela

Natureza, vida e amor son os tres eixos arredor dos que xirará a temporada 2020/2021 da Real Filharmonía de Galicia, na que celebraremos con todos vostedes o noso 25 aniversario e que quixemos titular **Emocións naturais**. Logo dos tempos difíciles que pasamos nos últimos meses, queríamos reivindicar o poder da natureza, da vida e do amor como referentes da nosa esencia coma seres humanos. Creo que, dunha ou outra maneira, sempre podemos recoñecer estes tres elementos ao longo de toda a música que interpretamos, pero nesta temporada quixen que estiveran presentes dunha maneira moi especial, na que se erixen como faros de inspiración para enfrontármolos ao futuro.

Agardo, como director artístico e titular da RFG, que nos 24 concertos que fían a nova programación atopen moita música para gozar, para descubrir, para inspirarse e para pensar. **Emocións naturais** chegará ao seu punto culminante o próximo mes de maio coas tres obras que A. Dvořák concebiu como a súa propia *Natureza, Vida e Amor*, e que serán interpretadas todas xuntas nun único concerto, unha rara delicia. Esa

mesma noite daremos tamén a benvida ao noso extraordinario amigo Pacho Flores, forza de natureza e vida, coas súas virtuosas trompetas, que nos visita outra vez cun novo traballo escrito especialmente para a Real Filharmonía de Galicia.

No mes de marzo de 2021 celebraremos este noso 25 aniversario, que festexaremos cun concerto na primeira semana dese mes, porque o 29 de febreiro de 1996 a nosa orquestra comezaba a súa historia, na que tivemos a honra de levar a nosa música a toda Galicia, a incontables cidades españolas e de saír, asemade, ao estranxeiro, con xiras que aínda gardamos na memoria por Alemaña, Francia, Brasil, Cuba, Arxentina, Portugal, Austria... así como permanecen tamén os máis de 14 títulos discográficos. Neste camiño fomos moi afortunados de contar sempre cos máis extraordinarios solistas e compositores. É para tod@s nós un soño poder seguir a servir á comunidade á que pertencemos, e desexamos poder facelo moitos anos máis.

Cheos, pois, de forza e alegría comezaremos esta nova aventura como facemos sempre: dando a benvida ao



noso público de Santiago. Este ano non poderemos ir aos barrios por razóns de seguridade sanitaria, pero convidamos a toda a veciñanza ao Auditorio de Galicia, a nosa preciosa casa, aos concertos que celebraremos os días 30 de setembro e 1 e 2 de outubro.

E como cada ano, a RFG estenderá as **Emocións naturais** ao resto de Galicia, con 19 concertos fóra de Santiago. Queremos dar as grazas de maneira especial ás Sociedades Filharmónicas de Vigo, Ferrol, Lugo e Pontevedra e tamén a Afundación e ao Concello e á Deputación de Ourense polo seu xenuíno amor

musical e polo seu incansable traballo e entusiasmo, que fan posible que a RFG forme parte da programación cultural en toda a nosa comunidade.

Seguiremos coa celebración do 250 aniversario de L. v. Beethoven con concertos ao longo da temporada, comezando coa sinfonía *Heroica* dirixida por Maximino Zumalave, xustamente no mes do aniversario do nacemento do compositor, e cuxa celebración nos levará ata febreiro co concerto para piano *Emperador*, co excepcional pianista Lars Vogt.

Celebraremos por suposto a forza da vida nas épicas aventuras do heroe nórdico Peer Gynt, no saúdo á nova vida no *Idilio de Siegfried*, nas aventuras de G. Gershwin en Nova York, nas danzas populares de A. Dvořák e de moitos outros xeitos. A natureza, a gran forza renacente que non deixa de amosarnos todo o seu poder e beleza, mostrarase en exhibición gloriosa durante toda a nosa temporada: desde as treboadas mariñas e a quietude de J. F. Haydn, F. Mendelssohn e G. Rossini, ata as milagrosas cancións dos paxaros árticos de E. Rautavaara, ou as fantásticas arañas do ballet de A. Roussel; desde a beleza das camiñadas pastorais de L.v. Beethoven, ata as cancións da terra imaxinadas por G. Mahler, ou o extraordinario e fermoso *Concerto para piano, Water* interpretado polo propio compositor. E antes do glorioso *No reino da Natureza* de Dvořák nese concerto final, poderán vostedes escoitar as estacións de P. I. Chaikovski ou A. Piazzolla (no ano do seu centenario), ou algunha estación das máis famosas de todas, as escritas por A. Vivaldi.

O amor á música foi fundamental neste percorrido de 25 anos, e máis en momentos coma estes! E así o descubrirán no amor ansioso de *Orfeo e Eurídice* na ópera completa de G. W. Gluck, quizais na tormentosa paixón de *Porgy and Bess* de G. Gershwin, ou no amor incondicional do vagabundo Charles Chaplin ao neno orfo, na súa marabillosa película e partitura *The Kid*.

Porque **Emocións naturais** estará chea de novas enerxías: máis estreos ca nunca, con tres dos novos compositores e compositoras galegos, que celebran aspectos da tradición xacobeá (A. Siebert, S. Infante, A. Alcalde) e obras de compositoras como Anna Clyne, Sofía Gubaidulina e Mizzy Mazzoli. No mes de outubro teremos a estrea mundial da obra *Alén* de Eduardo Soutullo, unha viaxe entre a vida e a morte, sen perder de vista a nova e provocadora sinfonía *Pastoral* de B. Dean, que interpretaremos en decembro xunto á partitura orixinal de Beethoven.

Ademais, teremos a honra de presentar a moitos solistas novos: as cantantes do

noso *Orfeo* de Gluck – Olga Syniakova, Alicia Amo e Beatriz de Sousa, a soprano Francesca Aspromonte – ou o tenor Andeka Gorrotxategi, na *Canción da Terra* de Mahler. E volveremos atoparnos cos amigos que voltan: Fazil Say, Ellinor D'Melon, Pacho Flores, Marina Pardo, Enrico Onofri, Lars Vogt, Matthieu Arama ou Wayne Marshall.

Por suposto, estamos igualmente emocionados de dar a benvida a novos directores e directoras como Pablo Devigo, Marzena Diakun, Jan Willen, Felix Mildenberger, Nuno Coelho ou Nodoka Okisawa. Estou moi contento, ademais, de que a nosa nova directora invitada, a portuguesa Joana Carneiro, estea con nós en dous programas.

Gustaríame tamén destacar os dous espectáculos didácticos desta temporada, que repetiremos os sábados para toda a familia. Reserven as datas para vir escoitar o divertidísimo *O grande Beethoven*, unha encarga que fixemos ao Servizo Educativo da Casa da Música de Porto o ano pasado e que tivemos que pospoñer e, por suposto,

convidámoslos a unha fermosísima viaxe co sempre inspirador Abraham Cupeiro e os seus instrumentos en *Pangea: a paisaxe sonora do noso planeta*.

Como ven, ao longo da temporada, a nosa música estará máis chea de natureza, máis chea de vida e amor que de costume. Atravesamos tempos incertos, nos que a vida estivo moi ameazada e nos vimos na obriga de distanciarnos dos nosos. Desde a RFG queremos reivindicar o poder da música para sentirmos preto da xente querida, e tamén coma fonte de esperanza e inspiración no futuro. Convídoos a que veñan compartir con nós a forza renovadora da música no noso 25 aniversario!

Paul Daniel
Director titular e artístico da Real Filharmonía de Galicia

PROGRAMA

REAL
FILHARMONÍA 2020
DE GALICIA →2021



Setembro 2020

MÚSICA PARA A CIDADE

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Pablo Devigo, director

G. Rossini: "Temporal" de A Cenerentola

F. Mendelssohn: As Hébridas, op. 26

F. J. Haydn: Sinfonía núm. 39 en Sol maior "Tempesta di mare" (1º mov)

E. Grieg: Suite Holberg, op. 40 "Air"

L. v. Beethoven: Sinfonía núm. 6 en Fa maior "Pastoral", op. 68 (1º e 4º mov)

E. Grieg: Peer Gynt: Suite núm. 1, op. 46
"A morte de Aase"

F. J. Haydn: Sinfonía núm. 39 en Sol maior "Tempesta di mare" (4º mov)

Mér 30 _ Auditorio de Galicia, 19 h

Xov 1 _ Auditorio de Galicia, 19 h

Ven 2 _ Auditorio de Galicia, 19 h

Entrada libre ata completar cabida

Outubro 2020

18 €

ALÉN

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Paul Daniel, director

J. Sibelius: Pelleas e Melisande, op.46
(selección)

E. Soutullo: Alén*

E. Grieg: Peer Gynt, Suite núm. 1, op. 46 e
Suite núm. 2, op. 55 (selección)

J. Sibelius: Finlandia, op. 26

* Estrea absoluta. Obra gañadora do Premio
de Composición BBVA- AEOS 2019

Xov 8 _ Auditorio de Galicia, 20.30 h

CONVERSANDO CON...

Paul Daniel

Sala Mozart, 19:45 h

Outubro 2020

18 €

INACABADA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Maximino Zumalave, director
Ellinor D'Melon, violín

M. Bruch: Concerto para violín,
núm. 1 en Sol maior, op. 26

F. Schubert: Sinfonía D. 759,
en si menor "Inacabada"

Xov 15 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Maximino Zumalave

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 16 _ Teatro Afundación, Vigo, 20 h

Outubro 2020

15 €

SÓ MOZART

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Jan Willem, director

W. A. Mozart: Abertura de Lucio Silla,
Kv. 135

W. A. Mozart: Thamos, Rei de Exipto,
Kv. 345 (Selección da música instrumental)

W. A. Mozart: Sinfonía núm. 40 en sol
menor, Kv. 550

Xov 22 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Jan Willen

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 23 _ Círculo das Artes de Lugo, 20 h

Outubro 2020

15 €

X ANIVERSARIO

TALLER ATLÁNTICO CONTEMPORÁNEO

Diego García Rodríguez, director

A. Bruckner: Sinfonía núm. 7 en Mi maior
WAB 107 (arranxo de cámara de Hanns
Eisler, Erwin Stein e Karl Rankl)

Mer 28 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Diego García Rodríguez

Sala Mozart, 19:45 h

Novembro 2020

20 €

ORFEO E EURÍDICE

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Olga Syniakova, mezzosoprano (Orfeo)

Alicia Amo, soprano (Eurídice)

Beatriz de Sousa, soprano (Amor)

Coro da OSG

Joan Company, director do coro

C. W. Gluck: Orfeo e Eurídice
(versión H. Berlioz)



**Coprodución
con Amigos
da Ópera de
Santiago**

Xov 5 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Paul Daniel

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 6 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

Novembro 2020

18 €

ARAÑAS E OUTROS INSECTOS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Marzena Diakun, directora

James Dahlgren, violín solista da RFG

Laurent Blauteau, frauta solista da RFG

C. Debussy (orq. T. Finno): Sinfonía
en si menor

S. Gubaidulina: Impromptu

A. Roussel: O festín da araña, op. 17

Xov 12 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

Ven 13 _ Auditorio de Ferrol, 20:30 h

Novembro 2020

15 €

THE KID

CINEUROPA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Timothy Brock, director

The Kid (1921), de Charles Chaplin
Música: Charles Chaplin (1971),
restaurada por C. Davis (1996)

Xov 19 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

Novembro 2020

18 €

PAXAROS E ORQUESTRA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Matthieu Arama, violín

A. Siebert: Obra encargo RFG*

E. Rautavaara: Cantus arcticus, op. 61

J. Sibelius: Concerto para violín en re menor, op. 47

*Estrea absoluta

Xov 26 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Paul Daniel

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 27 _ Teatro Afundación, Vigo 20 h

Sáb 28 _ Palacio da Ópera, A Coruña 20 h

Decembro 2020

15 €

ABRAZANDO A NATUREZA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

A. Clyne: Within her arms*

B. Dean: Sinfonía pastoral *

L. v. Beethoven: Sinfonía núm. 6 en Fa maior, op. 68 "Pastoral"

*Estrea en España

Xov 10 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Paul Daniel

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 11 _ Teatro Afundación, Vigo 20 h

Decembro 2020

18 €

IN NOMINE DOMINI

Concertos en Homenaxe ao Padre

López Calo SJ

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Enrico Onofri, director e violín

Francesca Aspromonte, soprano

A. Vivaldi: Concerto en Sol maior, RV. 151 "Alla rustica"

A. Vivaldi: Laudate Pueri Dominum en do menor, RV. 600

F. J. Haydn: Sinfonía núm. 84 en Mi b maior "In nomine Domini"



Coprodución con Amigos da Ópera de Santiago

Xov 17 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Enrico Onofri

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 18 _ Auditorio de Ferrol, 20:30 h

Sáb 19 _ Teatro Principal de Ourense, 20 h

Xaneiro 2021

15 €

CONCERTO DE REIS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Teimuraz Janikashvili, violín

L. Bernstein: 3 Dances, de Fancy Free

A. Vivaldi: O inverno, de Il cimento dell'armonia e dell'invenzione, Op. 8, RV 297

A. Piazzolla: A primavera, de As catro estacións porteñas

M. Richter: Verano 1, 2 e 3, de Vivaldi recomposed

L. Bernstein: 3 Dance Episodes, de On the Town

Mar 5 _ Auditorio de Galicia, 21:30 h

Xaneiro 2021

18 €

O PARAÍSO PERDIDO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Carlos Méndez, contrabaixo solista da RFG

S. O. Infante: Gratulantes.

Obra encargo RFG*

M. Mazzoli: Dark, with excessive bright**

A. Dvorák: Sinfonía núm. 8 en Sol maior, op. 88

*Estrea absoluta

**Estrea en España

Xov 14 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Paul Daniel

Sala Mozart, 19:45 h

Xaneiro 2021

18 €

CANCIÓNS NO SOLPOR

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

Carlo Rizzi, director

Chen Reiss, soprano

R. Strauss: Catro últimos Lieder

Obra por determinar

Xov 21 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

Xaneiro 2021

PANGEA: A PAISAXE SONORA DO NOSO PLANETA

CONCERTOS DIDÁCTICOS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Abraham Cupeiro, multiinstrumentista

Xov 21 _ Auditorio de Galicia, 11 h

Ven 22 _ Auditorio de Galicia, 11 h

Sáb 23 _ Auditorio de Galicia, 18:30 h

(Concerto familiar, ver prezo na páxina 37)

Xaneiro 2021

15 €

O IDILIO DE SIGFRIDO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Felix Mildenberger, director

E. Grieg: Suite Holberg, op. 40

R. Wagner: Idilio de Sigfrido, WWV 103

C. Gounod: Sinfonía núm. 1 en Re maior

Xov 28 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

Ven 29 _ Teatro Afundación, Vigo 20 h

Febreiro 2021

O GRANDE BEETHOVEN*

CONCERTOS DIDÁCTICOS
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Jan Wierzba, director

**Servizo Educativo da Casa
da Música do Porto**

*Encargo especial da Real Filharmonía de Galicia ao Servizo Educativo da Casa da Música no 250 aniversario do nacemento de L. v. Beethoven

Xov 4 _ Auditorio de Galicia, 11 h
Ven 5 _ Auditorio de Galicia, 11 h
Sáb 6 _ Auditorio de Galicia, 18:30 h
(Concerto familiar, prezos en páxina 37)

Febreiro 2021

18 €

ARREDOR DO PIANO

Ciclo de piano Ángel Brage
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Lars Vogt, director e piano

R. Schumann (orq. C. Debussy / R. Holloway): Seis estudos canónicos, op. 56*

L. v. Beethoven: Concerto para piano núm. 5 en mi b menor, op. 73 "Emperador"

*Estrea deste arranxo en España

Mér 10 _ Teatro Afundación, **Vigo 20 h**
Xov 11 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h
Ven 12 _ Auditorio de Ferrol, 20:30 h

Febreiro 2021

15 €

PEQUENA RUSIA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Joana Carneiro, directora

C. Debussy: Preludio á sesta dun fauno (orq. A. Schoenberg)

J. Adams: The chairman dances

P. I. Chaikovsky: Sinfonía núm. 2 en do menor, op. 17, TH 25b "Pequena Rusia"

Xov 18 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...
Joana Carneiro
Sala Mozart, 19:45 h

Febreiro 2021

15 €

VIVA BEETHOVEN

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Nuno Coelho, director

A. Schoenberg: Noite transfigurada, op. 4 (versión 1943)

L. v. Beethoven: Sinfonía núm. 5 en do menor, op. 67

Xov 25 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...
Nuno Coelho
Sala Mozart, 19:45 h

Ven 26 _ Teatro Afundación, **Vigo, 20:30 h**

Marzo 2021

15 €

AMOR E MORTE

Ciclo de piano Ángel Brage

JAVIER PERIANES, piano

L. v. Beethoven: Sonata núm. 12
en La bemol maior op. 26

F. Chopin,: Sonata núm. 2 en si bemol
menor op. 35

E. Granados: Goyescas (Los Requebros,
Quejas o la Maja y el ruiseñor, El Amor
y la Muerte)

F. Liszt: Funerais (Harmonías poéticas
e relixiosas)

R. Wagner / F. Liszt: Liebestod

Ven 5 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

Marzo 2021

15 €

MOZARTIANA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Joana Carneiro, directora

W. A. Mozart: Abertura de As vodas
de Fígaro

A. Piazzolla/J. Adams: La Mufa

W. A. Mozart: Sinfonía núm. 32 en
Sol maior, KV. 318

A. Piazzolla: Oblivion

W. A. Mozart: Chaconne, Passacaille
e Pas Seul de Idomeneo

P. I. Chaikovski: Suite núm. 4 en Sol maior,
op. 61, TH 34 "Mozartiana"

Xov 11 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Joana Carneiro

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 12 _ Auditorio de Ferrol, 20:30 h

Marzo 2021

15 €

RHAPSODY IN BLUE

Ciclo de piano Ángel Brage

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Wayne Marshall, director e piano

G. Gershwin: Fantasía Porgy and Bess
(orq. I. Farrington)

G. Gershwin: Un americano en París
(orq. I. Farrington)

G. Gershwin: Rhapsody in Blue
(orq. F. Grofé)

Xov 18 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

Marzo 2021

18 €

A CANCIÓN DA TERRA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Marina Pardo, mezzosoprano

Andeka Gorrotxategi, tenor

A. Alcalde: Obra encargo RFG*

G. Mahler: A canción da terra
(orq. I. Farrington)

*Estrea absoluta

Xov 25 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Paul Daniel

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 26 _ Círculo das Artes, Lugo 20 h

Abril 2021

18 €

AUGA

Ciclo de piano Ángel Brage
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Paul Daniel, director
Fazil Say, piano

A. Dvorák: Danza eslava, op. 72 núm. 2
F. Say: Ana Tanriça (Mother Goddess)*
A. Dvorák: Danza eslava, op. 72 núm. 3
F. Say: Water, concerto para piano

*Estrea en España

Xov 8 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Paul Daniel

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 9 _ Teatro Afundación, Vigo 20 h

Abril 2021

15 €

TEMPESTADE E CALMA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Nodoka Okisawa, directora

G. Rossini : Temporale de A Cenerentola
F. J. Haydn: Sinfonía núm. 39 en sol menor
"Tempesta di Mare"
F. Mendelssohn : As Hébridias, op. 26
F. J. Haydn: Sinfonía núm. 59 en La maior
"Sinfonía do lume"
F. Mendelssohn: Mar calmo e viaxe
próspera

Xov 22 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

Ven 23 _ Teatro Afundación, Vigo 20 h

Maio 2021

18 €

OUTRAS ESTACIÓNS

Ciclo de piano Ángel Brage
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Jonathan Webb, director
Sofya Melikyan, piano

C. Saint-Saëns: Concerto para piano
núm. 5 en Fa maior, op. 103 "Exipcio"
P. I. Chaikovski (orq. A. Gauk):
As estacións (selección)
A. Dvorák: Danza eslava, op.72 núm. 7

Xov 20 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Jonathan Webb

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 21 _ Teatro Afundación, Vigo 20 h

Maio 2021

18 €

NATUREZA, VIDA & AMOR

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Paul Daniel, director
Pacho Flores, trompeta

A. Dvorák: Abertura Otelo, op. 93, B. 174
C. Lindberg: Concerto para trompeta*
A. Dvorák: Abertura de No reino da
natureza, op. 91, B. 168
A. Dvorák: Abertura Carnaval, op. 92,
B 169

*Estrea en España
Obra encargo Real Filharmonía de Galicia
/ Bilkent Symphony Orchestra (Turquía) /
Swedish Chamber Orchestra (Suecia).

Xov 27 _ Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Paul Daniel

Sala Mozart, 19:45 h

RFG DIDÁCTICOS

Xaneiro 2021

Xoves, 21	11:00 h	REAL FILHARMONÍA DE GALICIA Abraham Cupeiro , multiinstrumentista	PANGEA: A paisaxe sonora do noso planeta	Auditorio de Galicia
Venres, 22	11:00 h	REAL FILHARMONÍA DE GALICIA Abraham Cupeiro , multiinstrumentista	PANGEA: A paisaxe sonora do noso planeta	Auditorio de Galicia

Febreiro 2021

Xoves, 4	11:00 h	REAL FILHARMONÍA DE GALICIA Jan Wierzba , director Servizo educativo da Casa da Música de Porto	O Grande Beethoven	Auditorio de Galicia
Venres, 5	11:00 h	REAL FILHARMONÍA DE GALICIA Jan Wierzba , director Servizo educativo da Casa da Música de Porto	O Grande Beethoven	Auditorio de Galicia

RFG FAMILIAR

Xaneiro 2021

Sábado, 23	18:30 h	REAL FILHARMONÍA DE GALICIA Abraham Cupeiro , multiinstrumentista	PANGEA: A paisaxe sonora do noso planeta	Auditorio de Galicia
------------	---------	---	--	----------------------

Febreiro 2021

Sábado, 6	18:30 h	REAL FILHARMONÍA DE GALICIA Jan Wierzba , director Servizo educativo da Casa da Música de Porto	O Grande Beethoven	Auditorio de Galicia
-----------	---------	--	--------------------	----------------------

RFG EN XIRA

Outubro 2020

Venres, 16	20:00 h	REAL FILHARMONÍA DE GALICIA Maximino Zumalave , director Ellinor D'Melon , violín	M. Bruch: Concerto para violín, núm. 1 en Sol maior, op. 26 F. Schubert: Sinfonía D. 759, en si menor "Inacabada"	Teatro Afundación. Vigo
Venres, 23	20:00 h	REAL FILHARMONÍA DE GALICIA Jan Willen , director	W. A. Mozart: Abertura de Lucio Silla, Kv. 135 W. A. Mozart: Thamos, Rei de Exipto, Kv. 345 (Selección da música instrumental) W. A. Mozart: Sinfonía núm. 40 en sol menor, Kv. 550	Círculo das Artes, Lugo

Novembro 2020

Venres, 13	20:30 h	REAL FILHARMONÍA DE GALICIA Marzena Diakun , directora James Dahlgren , violín solista da RFG Laurent Blauteau , frauta solista da RFG	C. Debussy (orq. T. Finno): Sinfonía en si menor S. Gubaidulina: Impromptu A. Roussel: O festín da araña, op. 17	Auditorio de Ferrol
Venres, 27	20:00 h	REAL FILHARMONÍA DE GALICIA Paul Daniel , director Matthieu Arama , violín	A. Siebert: Obra encargo RFG* E. Rautavaara: Cantus arcticus, op. 61 J. Sibelius: Concerto para violín en re menor, op. 47	Teatro Afundación. Vigo
Sábado, 28	20:00 h	REAL FILHARMONÍA DE GALICIA Paul Daniel , director Matthieu Arama , violín	A. Siebert: Obra encargo RFG* E. Rautavaara: Cantus arcticus, op. 61 J. Sibelius: Concerto para violín en re menor, op. 47	Palacio da Ópera. A Coruña

Decembro 2020

Xoves, 3	20:00 h	REAL FILHARMONÍA DE GALICIA Maximino Zumalave , director	L. v. Beethoven: Obertura Coriolano, op. 62 L. v. Beethoven: Sinfonía nº 3 en Mi b M "Heroica", op. 55	Auditorio Municipal de Ourense
Venres, 11	20:00 h	REAL FILHARMONÍA DE GALICIA Paul Daniel , director	A. Clyne: Within her arms (Estrea en España) B. Dean: Sinfonía pastoral (Estrea en España) L. v. Beethoven: Sinfonía núm. 6 en Fa maior, op. 68 "Pastoral"	Teatro Afundación. Vigo
Venres, 18	20:30 h	REAL FILHARMONÍA DE GALICIA Enrico Onofri , director e violín Francesca Aspromonte , soprano	A. Vivaldi: Concerto en Sol maior, RV. 151 "Alla rustica" A. Vivaldi: Laudate Pueri Dominum en do menor, RV. 600 F. J. Haydn: Sinfonía núm. 84 en Mi b maior "In nomine Domini"	Auditorio de Ferrol
Sábado, 19	20:00 h	REAL FILHARMONÍA DE GALICIA Enrico Onofri , director e violín Francesca Aspromonte , soprano	A. Vivaldi: Concerto en Sol maior, RV. 151 "Alla rustica" A. Vivaldi: Laudate Pueri Dominum en do menor, RV. 600 F. J. Haydn: Sinfonía núm. 84 en Mi b maior "In nomine Domini"	Teatro Principal de Ourense

RFG EN XIRA

Xaneiro 2021

Venres, 29	20:00 h	REAL FILHARMONIA DE GALICIA Felix Mildenberger , director	E. Grieg: Suite Holberg, op. 40 R. Wagner: Idilio de Sigfrido, WWV 103 C. Gounod: Sinfonía núm. 1 en Re maior	Teatro Afundación. Vigo
------------	---------	---	---	----------------------------

Febreiro 2021

Mércores, 10	20:00 h	REAL FILHARMONIA DE GALICIA Lars Vogt , director e piano	R. Schumann (orq. C. Debussy / R. Holloway): Seis estudos canónicos, op. 56 (Estrea deste arranxo en España) L. v. Beethoven: Concerto para piano núm. 5 en mi b menor, op. 73 "Emperador"	Teatro Afundación. Vigo
Venres, 12	20:30 h	REAL FILHARMONIA DE GALICIA Lars Vogt , director e piano	R. Schumann (orq. C. Debussy / R. Holloway): Seis estudos canónicos, op. 56 (Estrea deste arranxo en España) L. v. Beethoven: Concerto para piano núm. 5 en mi b menor, op. 73 "Emperador"	Auditorio de Ferrol
Mércores, 26	20:30 h	REAL FILHARMONIA DE GALICIA Nuno Coelho , director	A. Schoenberg: Noite transfigurada, op. 4 (versión 1943) L. v. Beethoven: Sinfonía núm. 5 en do menor, op. 67	Auditorio Afundación, Pontevedra

Marzo 2021

Venres, 12	20:30 h	REAL FILHARMONÍA DE GALICIA Joana Carneiro , directora	W. A. Mozart: Abertura de As vodas de Fígaro A. Piazzolla/J. Adams: La Mufa W. A. Mozart: Sinfonía núm. 32 en Sol maior, KV. 318 A. Piazzolla: Oblivion W. A. Mozart: Chaconne, Passacaille e Pas Seul de Idomeneo P. I. Chaikovski: Suite núm. 4 en Sol maior, op. 61, TH 34 "Mozartiana"	Auditorio de Ferrol
Venres, 26	20:00 h	REAL FILHARMONÍA DE GALICIA Paul Daniel , director Marina Pardo , mezzosoprano Andeka Gorrotxategi , tenor	A. Alcalde: Obra encargo RFG (Estrea absoluta) G. Mahler: A canción da terra (orq. I. Farrington)	Círculo das Artes, Lugo

RFG EN XIRA

Abril 2021

Venres, 9	20:00 h	REAL FILHARMONIA DE GALICIA Paul Daniel , director Fazil Say , piano	A. Dvorák: Danza eslava, op. 72 núm. 2 F. Say: Ana Tanriça (Mother Goddess) (Estrea en España) A. Dvorák: Danza eslava, op. 72 núm. 3 F. Say: Water	Teatro Afundación. Vigo
-----------	---------	--	---	----------------------------

Venres, 23	20:00 h	REAL FILHARMONIA DE GALICIA Nodoka Okisawa , directora	G. Rossini : Temporale de A Cenerentola F. J. Haydn: Sinfonía núm. 39 en sol menor "Tempesta di Mare" F. Mendelssohn : As Hébridás, op. 26 F. J. Haydn: Sinfonía núm. 59 en La maior "Sinfonía do lume" F. Mendelssohn: Mar calmo e viaxe próspera	Teatro Afundación. Vigo
------------	---------	--	--	----------------------------

Maio 2021

Venres, 21	20:00 h	REAL FILHARMONIA DE GALICIA Jonathan Webb , director Sofya Melikyan , piano	C. Saint-Saëns: Concerto para piano núm. 5 en Fa maior, op. 103 "Exipcio" P. I. Chaikovski: As estacións (selección) (orq. A Gauk)	Teatro Afundación. Vigo
------------	---------	---	---	----------------------------



CONDICIÓN APLICABLES AOS ABONOS DA PROGRAMACIÓN ESTABLE 2020→21

Dado o carácter excepcional da situación sanitaria que estamos a vivir, as condicións dos abonos de temporada da RFG esixen que se realicen adaptacións en cumprimento das medidas de seguridade implantadas para a realización das actividades culturais.

→ VALIDEZ DO ABONO

O abono é válido para as actividades así indicadas nesta publicación.

→ LOCALIDADES

A persoa abonada recibirá as localidades co número de fila e butaca, que será o mesmo durante todo o período de abono. A tarxeta de abonado/a conterá as entradas para todo o período de abono mercado. Poderase reutilizar a tarxeta de temporadas pasadas. Unha vez retirada a tarxeta a persoa farase responsable dela. Para os abonos individuais o Auditorio entregará un duplicado de tarxeta en caso xustificado de perda, deterioro, roubo ou destrución. Para os abonos colectivos non se entregarán duplicados de tarxeta, en caso de solicitude dunha nova tarxeta deberase abonar a cantidade de 5 € por tarxeta extraviada.

→ UTILIZACIÓN

A persoa abonada que non faga uso do abono, nalgún ou todos os concertos, non terá dereito a ningún reintegro económico. A tarxeta de abono que dá acceso

aos concertos estará identificada nominalmente, pero isto non impide que sexa transferible a outras persoas. No caso de que o/a abonado/a non poida asistir ao concerto, poderá asistir outra persoa no seu lugar coa súa tarxeta de abonado/a. Para o efectivo control de entrada e para ser responsables da trazabilidade dos asistentes, en caso de que o/a abonado/a ceda a súa tarxeta deberá comunicar ao Auditorio de Galicia o nome e datos de contacto da persoa que asistiu no seu lugar. No caso dos abonos colectivos a entidade posuidora do abono deberá notificar ao Auditorio de Galicia os/as asistentes a cada concerto mediante correo electrónico a taquillas@auditoriodegalicia.org

→ ORGANIZACIÓN

O/a abonado non terá dereito a escoller fila e butaca, estas serán asignadas para preservar as medidas de seguridade no recinto. A asignación das butacas intentará manter a situación de anos anteriores. A reserva de butacas para o aforo completo manterase ata que as restricións provocadas pola COVID-19 rematen.

Se por razóns de organización houberse que programar un dos concertos de abono mediante aforo non numerado, a persoa abonada, aínda que estea en posesión das súas localidades numeradas, deberá aterse ás butacas dispoñibles no momento de acceder á sala, sen ningún dereito a esixir filas ou butacas ocupadas.

→ ALTERACIÓNS

O Auditorio de Galicia resérvase o dereito de alterar o día, hora e lugar dos concertos, substituír a algún artista ou formación musical, así como cancelar calquera dos concertos programados.

→ MÉTODO DE PAGO

Mediante pago por transferncia bancaria ou tarxeta Visa ou Mastercard.

→ DESCONTOS E PREZOS ESPECIAIS

• A entrada para os Concertos familiares da RFG terá un prezo de 5 €, e existirá un bono familiar de 15 € (4 entradas polo prezo de 3). Esta promoción non será aplicable para as entradas vendidas por internet, para obter

este desconto deberase efectuar a compra das entradas nos despachos de billetes do Teatro Principal e do Auditorio de Galicia.

• Resto de concertos do Auditorio.

Descontos habituais do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas. Descontos non acumulables. Só se pode aplicar un desconto por entrada.

→ VENDA DE ENTRADAS

Venda anticipada: Preferentemente deberanse mercar as entradas en: compostelacultura.gal

• No despacho de billetes do Teatro Principal de 18.00 a 21.00 h, de martes a sábado.

• No despacho de billetes do Auditorio de Galicia ou no teléfono 981 571 026, só os días do concerto de 19.00 a 20.30 h.

CRÉDITOS

→ REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

DIRECTOR ARTÍSTICO E TITULAR

Paul Daniel

DIRECTORA CONVIDADA

Joana Carneiro

DIRECTOR ASOCIADO

Maximino Zumalave

FRAUTAS

Laurent Blaiteau

Luis Soto

ÓBOES

Christina Dominik

Esther Viúdez

CLARINETES

Beatriz López

Vicente López

FAGOTS

Juan Carlos Otero

Manuel Veiga

TROMPAS

Jorge Ortega

Alfredo Varela

Xavier Ramón

TROMPETAS

Javier Simó

Ramón LLátser

TIMBAL

José Vicente Faus

VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino

Adriana Winkler, axuda de

concertino

Anca Smeu, coprincipal

Ildiko Oltai

Anna Alexandrova

Ilya Fisher

Claudio Guridi

Victoria Jurov

Daniel Kordubaylo

Yulia Petrushevskaya

Michal Ryczel

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora

Nikolay Velikov

Samira Ajkic

Irina Gruia

Kiyoko Ohashi

Enrique Roca

Helena Sengelow

Elina Viksne

Gyula Vadaszi

VIOLAS

Tilman Kircher

Natalia Madison

Oxana Bakulina

Ionela Ciobotaru

Iriana Fernández

Timur Sadykov

Anne Schlossmacher

VIOLONCELLOS

Plamen Velez

Barbara Switalska

Millán Abeledo

Carlos García

Thomas Piel

Ailsa Lewin

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez

Alfonso Morán

Oriol Xicart

→ EQUIPO TÉCNICO DA RFG

DIRECTORA TÉCNICA

Sabela García Fonte

COORDINADORA DE ACTIVIDADES

Mariluz González Domínguez

PRODUCCIÓN

Esther Calvo Vázquez

ADMINISTRACIÓN

Aurora Díaz Varela

ARQUIVEIRA

María del Carmen Lorenzo Vizcaíno

UTILLEIRO

Francisco F.

AXUDANTE DE ESCENARIO

Juan Ramos (Servizo móbil)

→ CONSORCIO DE SANTIAGO

CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

Presidencia

Xosé A. Sánchez Bugallo

Alcalde de Santiago de Compostela

Vicepresidencias

María del Pilar Paneque Sosa

Subsecretaria do Ministerio

de Facenda

Román Rodríguez González

Concelleiro de Cultura, Educación

e Universidade da Xunta de Galicia

Vogalías

Jesús Manuel Gómez García

Subsecretario do Ministerio de

Fomento

Andrea Gavela Llopis

Subsecretaria do Ministerio

de Cultura e Deporte

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente primeiro e conselleiro

de Presidencia, Xustiza e Turismo da

Xunta de Galicia

Valeriano Martínez García

Concelleiro de Facenda e

Administración Pública da Xunta

de Galicia

Alejandro Sánchez-Brunete Varela

Concelleiro do Concello

de Santiago de Compostela

Marta Irene Lois González

Concelleira do Concello de Santiago

de Compostela

Secretaría

José Ramón Alonso Fernández

Secretario do Concello e secretario

do Consorcio da cidade de Santiago

de Compostela

Teñen dereito de asistencia

con voz e sen voto

Belén Hernández Lafuente

Xerente do Consorcio da cidade de

Santiago de Compostela

Juan Ramón González Carnero

Interventor do Concello e do

Consorcio da cidade de Santiago de

Compostela

Asiste por invitación da

presidencia:

Goretti Sanmartín Rei

Concelleira do Concello

de Santiago de Compostela

→ COMISIÓN EXECUTIVA

Presidencia

Xosé A. Sánchez Bugallo

Alcalde de Santiago de Compostela

Vogalías

Carmen Alcalá Sacristán

Inspectora xeral do Ministerio

de Facenda

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

Secretario Xeral de Políticas Culturais

da Xunta de Galicia

Secretaría

José Ramón Alonso Fernández

Secretario do Concello e secretario

do Consorcio da cidade de Santiago

de Compostela

Teñen dereito de asistencia,

con voz e sen voto:

Alejandro Sánchez-Brunete Varela

Concelleiro do Concello de Santiago

de Compostela

Juan Ramón González Carnero

Interventor do Concello e do

Consorcio de Santiago de

Compostela

Belén Hernández Lafuente

Xerente do Consorcio da cidade

de Santiago de Compostela

Marta Irene Lois González

Concelleira do Concello de Santiago

de Compostela

Asiste por invitación da

presidencia:

Goretti Sanmartín Rei

Concelleira do Concello de

Santiago de Compostela

→ UNIDADE ADMINISTRATIVA

Laura Castro Caamaño

Emilia Díaz Varela

Elisa González Rosendo

Jorge Sampayo Salgueiro

Mercedes Suárez Louzao

Begoña Vázquez Rodríguez

→ AUDITORIO DE GALICIA

CONSELLO REITOR

Presidente

Xosé A. Sánchez Bugallo

Alcalde de Santiago de Compostela

Vogais

José Antonio Constenla Ramos

Branca Novoneyra

Mercedes Rosón Ferreiro

Goretti Sanmartín Rei

Secretario

José Ramón Alonso Fernández

Interventor

Juan Ramón González Carnero

Director–Xerente

Xaquín López González

Persoal

David Areán Rivas

Chus Busto Castiñeiras

Santiago Cabrera Fontenla

Lara Dopazo Ruibal

Rogelio Fernández García

Antonio Liñares Fernández

Míriam Louzao Fernández

Carlos Marcote Antelo

José Mayo Suárez

Carlos Millán Calenti

Silvia Modia Ferreiro

Ángeles Otero Cabanas

Ana Parga Salgado

Ángela Pereira Costa

Javier Rodríguez Sanmartín

José Rodríguez Sanmartín

Antonio Vieites Balsa



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA 25 Aniversario

TEMPORADA DE ABONO
2020 → 2021

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura



@rfgalicia

@CCultura

